

Á vista da petición da Facultade de Química, tendo en conta os problemas xurdidos e co fin de non perxudicar ós interesados, cómpre autorizar á Facultade de Química a celebrar os exames da Proba de Conxunto en datas distintas ás recollidas no Anexo I da Resolución Reitoral do 29/06/04.

E é polo exposto que,


ESTE REITORADO RESOLVEU:

UNICO.-Os exames da Proba de Conxunto correspondentes á convocatoria do Primeiro Cuadrimestre do curso 2004/2005 da Facultade de Química celebraranse antes do 15 de marzo de 2005.

O Decanato comunicará á Unidade de Xestión Académica do Campus Sur a data de celebración do exame cunha antelación mínima dunha semana a efecto da emisión das actas correspondentes. Así mesmo, dará publicidade e informará aos alumnos matriculados.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2005.

O REITOR



[Handwritten signature]
Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL/SR. DECANO DA FACULTADE DE QUÍMICA/SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA/SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.